

Estatutos da Asociación ALAS A Coruña

Capítulo I DENOMINACIÓN, FINS, DOMICILIO E ÁMBITO

Artigo 1. NOME E IMAGOTIPO

1. Coa denominación de ALAS A Coruña Asociación LGTBI+, cuxa fórmula abreviada é ALAS A Coruña, constitúese unha entidade social ó amparo da Lei Orgánica 1/2002 de 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación, e normas complementarias, con capacidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, carecendo de ánimo de lucro.
2. O imapotipo de ALAS A Coruña, de uso obrigatorio en toda a documentación, comunicación e material xerado, é o seguinte:



Admitirase unicamente as variacións do mesmo recollidas no manual de identidade corporativa.

Artigo 2. CONSTITUCIÓN

1. Esta asociación constitúese por tempo indefinido e só se disolverá por acordo da asemblea xeral extraordinaria ou polas causas previstas nas leis.
2. Terá un carácter sen adscrición política nin sindical concreta, feminista, aconfesional e laica, e, ante todo, comprometido coas liberdades sociais, persoais e os Dereitos Humanos.
3. Rexerase pola Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación as súas correspondentes disposicións complementarias así como polos presentes Estatutos e quedando todo o non previsto neles ao establecido no seu regulamento de réxime interno. Así mesmo, ALAS A Coruña acata a Constitución española aínda que non descarta a súa modificación futura dentro das canles constitucionais admitidas.

Artigo 3. FINS

1. A existencia desta asociación ten como fins



- a) A defensa dos dereitos humanos recollidos na Carta Internacional dos Dereitos Humanos das Nacións Unidas e da Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea, especialmente polos dereitos das persoas LGTBI+.
- b) A loita por acadar unha sociedade máis diversa, igualitaria, xusta e libre de LGTBIfobia nos seus diversos ámbitos.
- c) A loita contra a violencia machista, traballando desde unha perspectiva feminista e tendo en conta a especial vulnerabilidade das mulleres e aquelas persoas, identidades e outras características que non cumpren a norma cisheteropatriarcal.
- d) A visibilización da comunidade LGTBI+ e a súa diversidade nos diferentes eidos da sociedade, como no ámbito rural galego.
- e) A promoción do activismo e do voluntariado, fomentando espazos de debate e xeración de discurso identitario e de traballo en rede con outras organizacións do terceiro sector.
- f) Traballar en rede e colaborar con outras entidades do terceiro sector, xerando alianzas e sinerxías.
- g) A promoción da saúde integral das persoas LGTBI+, entendida como a atención aos aspectos físicos, psíquicos, psicosociais e sociocomunitarios.
- h) A educación como ferramenta básica a través da cal realizar labores informativas e formativas que fomenten o coñecemento e a desmitificación da diversidade afectiva, sexual, de xénero e familiar, co fin último de transformar a sociedade e acadar unha integración efectiva e completa de todas as persoas LGTBI+ na mesma.
- i) A facilitación de asistencia e información a todas as persoas no referente á integración, situación social, problemática xurídica e laboral, e cantas cuestións lles puidesen xurdir en torno á comunidade LGTBI+.
- j) O impulso de reformas no ámbito legal para garantir unha xustiza máis accesible e verdadeiramente igualitaria para a nosa comunidade.
- k) O emprego da cultura como eixe principal para traballar na igualdade LGTBI+, a través de intervencións culturais baseadas nos dereitos humanos e a diversidade que axuden a crear unha conciencia colectiva favorable a esta realidade. Do mesmo xeito, promover a conservación das manifestacións culturais da comunidade LGTBI+.
- l) A xeración de espazos seguros de lecer para todas as persoas, atendendo ás súas diversidades e interseccionalidade coa fin de potenciar a amizade, compañeirismo e solidariedade entre as persoas participantes.
- m) A xeración de espazos para a mocidade LGTBI+ nos que se poidan desenvolver e expresar libremente.
- n) O apoio e a achega de información e valores a colectivos con maior vulnerabilidade e con menor acceso á información.
- o) O traballo na prevención e a axuda a vítimas de delitos de odio por LGTBIfobia, brindando apoio, asesoramento, acompañamento, escoita e facilitando a denuncia de tales delitos.



- p) O desenvolvemento e realización de estudos e investigacións sobre a comunidade LGTBI+, facendo especial fincapé na recuperación da memoria democrática e no restablecemento da dignidade e o dereito a reparación da nosa comunidade.
 - q) A participación e colaboración en proxectos de cooperación internacional para mellorar as condicións de vida da comunidade LGTBI+ en países onde os dereitos da mesma non estean plenamente desenvolto.
2. Para todos estes obxectivos, traballarase dende unha perspectiva interseccional, especialmente feminista, anticapacitista e antirracista. Do mesmo xeito, todos estes fins estarán en consonancia coa Axenda de Desenvolvemento Sostible 2030 das Nacións Unidas.

Artigo 4. ACTIVIDADES

Para o cumprimento destes fins realizaranse as seguintes actividades

- a) Proporcionar información, asesoramento e apoio á comunidade LGTBI+ e para calquera persoa interesada.
- b) Elaborar materiais divulgativos e educativos sobre a diversidade LGTBI+ e cuestións que afecten á mesma. Así mesmo, empregar as canles de comunicación e divulgación das que dispoña a asociación para promocionalos e achegalos á poboación.
- c) Desenvolver proxectos destinados a mellorar a calidade de vida, os servizos e a atención para comunidade LGTBI+.
- d) Organizar campañas co fin de sensibilizar, informar e concienciar á sociedade sobre a LGTBIfobia e a diversidade en xeral.
- e) Visibilizar a discriminación e marxinação de persoas por mor da súa realidade afectiva, sexual, de xénero ou familiar, facendo denuncia cando sexa requirido ou preciso.
- f) Contar cunha sección xuvenil da que formarán parte de maneira automática as persoas socias que teñan entre 16 e 30 anos de idade para prover dun espazo propio de convivencia para a mocidade.
- g) Levar a cabo campañas de promoción da saúde, a través de programas de proba rápida de VIH e outras ITS, campañas de prevención, visibilización, sensibilización e formación en materia de saúde integral.
- h) Traballar na visibilización e promoción da saúde mental e dos problemas específicos da comunidade LGTBI+ nesta materia a través de campañas e charlas.
- i) Desenvolver e levar a cabo obradoiros, faladoiros e outras actividades dirixidas ao conxunto da comunidade educativa tanto no eido da educación formal como non formal.
- j) Impartir formacións en diversidade afectiva, sexual, de xénero e familiar para calquera persoa ou grupo de persoas físicas ou xurídicas que o demanden.
- k) Colaborar cos sectores público e privado en accións que estean aliñadas estratexicamente cos fins da asociación.
- l) Organizar actividades lúdicas e culturais, como a realización de charlas, faladoiros, obradoiros, ciclos cinematográficos, representacións teatrais, concertos, festas e todo



tipo de actividades que potencien o coñecemento sobre a diversidade da comunidade LGTBI+.

- m) Xerar espazos de socialización sen outro fin que o de proporcionar un ámbito acolledor ás persoas LGTBI+.
- n) En xeral, levar a cabo cantas accións sexan conducentes ao mellor logro dos seus fins.

Artigo 5. DOMICILIO E ÁMBITO TERRITORIAL

1. A asociación establece o seu domicilio fiscal na rúa Cardenal Cisneros 68, baixo dereita, 15007, A Coruña.
2. O ámbito territorial no cal vai realizar principalmente as súas actividades, é a Comunidade de Autónoma de Galicia, sen prexuízo de que eventualmente se puidesen realizar en calquera outro punto do Estado español, outros Estados membros da Unión Europea ou terceiros países.

CAPÍTULO II ÓRGANOS DE REPRESENTACIÓN

Artigo 6. A XUNTA DIRECTIVA

1. A asociación será xestionada e representada por unha xunta directiva formada por: unha presidencia, unha vicepresidencia opcional, unha secretaría, unha tesouraría e un máximo de catro vogalías que a asemblea xeral decida.
2. Esta terá unha duración de 2 anos, non existindo unha limitación no número de mandatos.
3. A xunta directiva deberá ser paritaria sempre que sexa posible, e promoveráse a participación doutras realidades menos representadas historicamente.
4. As eleccións á xunta directiva realizaranse dentro dos tres seguintes meses tras o remate do seu mandato, agás a excepción recollida no artigo 7 destes Estatutos.
5. O concepto de cargo da xunta directiva referirase aos cargos da presidencia, vicepresidencia, secretaría e tesouraría. A pertenza á xunta directiva, incluídas as vogalías, será incompatible con calquera outro cargo, executivo ou non, nun partido político, sindicato, cargos públicos do Estado designados con motivación política, así como en calquera outra entidade LGTBI+, coa única excepción dos cargos non executivos da FELGTBI+.
6. Ningunha das persoas que compoñan a xunta directiva poderá percibir remuneración por formar parte da mesma, sen prexuízo do dereito a seren reembolsados os gastos debidamente xustificadas, que deberán carecer de interese económico nos resultados da actividade por si mesmos ou por persoa interposta.
7. Conforme ao artigo 32.1..c) da L.O. 1/2002 establécese que as persoas integrantes dos órganos de representación poderán recibir unha retribución adecuada pola realización de servizos diferentes aos que lles corresponden como membros do órgano de representación.



Artigo 7. BAIXAS NA XUNTA DIRECTIVA

1. Estes cargos, así como as vogalías, poderán causar baixa:
 - a) Por expiración do mandato.
 - b) Por renuncia voluntaria comunicada por escrito á xunta directiva.
 - c) Por cese motivado polo incumprimento, voluntario ou non, das obrigas que tivesen encomendadas. Dito cese pode ser enunciado preventivamente por unha maioría absoluta da xunta directiva ou polo 25% do censo de persoas asociadas nese momento, pero para ser efectivo deberá ser ratificado pola asemblea xeral extraordinaria.
 - d) Pola difusión ou manifestacións de informacións que atenten contra os valores recollidos nestes estatutos.
2. En caso de dimitir ou cesar calquera cargo ou a vogalía de mocidade, faranse eleccións parciais para este posto mediante asemblea xeral extraordinaria como se indica no artigo 6 destes Estatutos. As persoas elixidas como substitutas exercerán a súa función ata a expiración do mandato da xunta directiva actual.

Artigo 8. CADUCIDADE DA XUNTA DIRECTIVA

As persoas integrantes da xunta directiva que esgotasen o prazo para o cal foron elixidas, continuarán exercendo os seus postos ata o momento no que se produza a aceptación das que lles substitúan.

Artigo 9. REUNIÓN S DA XUNTA DIRECTIVA

1. A xunta directiva reunirse cantas veces considere necesario, coidando de facelo cando menos unha vez o mes.
2. Tamén se poderán realizar reunións urxentes de xunta directiva á iniciativa ou petición de calquera das súas persoas integrantes.
3. Quedará constituída cando asista a metade máis unha destas e, para que os seus acordos sexan válidos, deberán ser tomados por maioría simple de votos.
4. En caso de empate, o voto da presidencia será de calidade.
5. No caso de ausencia da presidencia, procederase conforme ao artigo 14.1 destes Estatutos. A secretaría ou, no seu defecto, a vicepresidencia ou calquera outra persoa membro, levantará acta das sesións.

Artigo 10. FACULTADES DA XUNTA DIRECTIVA

As facultades da xunta directiva estenderanse, con carácter xeral, a todos os actos propios das finalidades da asociación, sempre que non requiran, segundo destes Estatutos, autorización expresa da asemblea xeral.

Artigo 11. FUNCIÓN S DA XUNTA DIRECTIVA

Son funcións particulares da xunta directiva:



- a) Dirixir as actividades asociativas e levar a xestión económica e administrativa da asociación, acordando realizar os oportunos contratos e actos.
- b) Executar os acordos da asemblea xeral.
- c) Formular e someter á aprobación da asemblea xeral ordinaria os balances e as contas anuais.
- d) Calquera outra facultade que non sexa da exclusiva competencia da asemblea xeral.
- e) Aplicar o réxime interno cando sexa necesario.
- f) Tomar calquera decisión para garantir o benestar e seguridade das persoas asociadas, persoal voluntario e persoal técnico, cando estas decisións impliquen calquera tipo de sanción ou medida cautelar que non estea prevista no regulamento de réxime interno ou nos protocolos internos establecidos. Estas deberán estar debidamente xustificadas.

Artigo 12. DEBERES E OBRIGAS DA XUNTA DIRECTIVA

Son deberes e obrigas da xunta directiva:

- a) No prazo dun mes desde a súa elección, a xunta directiva deberá presentar as liñas xerais de traballo e o plan de dinamización da asociación para o seu mandato ou, en todo caso, acollerse ás liñas e plan da anterior xunta.
- b) No mesmo prazo presentará as súas propostas de modificación do regulamento de réxime interno - ou acollerase ao anterior.
- c) A presidencia, consensuando coa xunta directiva, poderá incorporar ás reunións da mesma a aquelas persoas que pola súa traxectoria, coñecementos ou experiencia - considere oportuno para tratar temas específicos. Estas terán voz, pero nunca voto.

Artigo 13. FUNCÍONS DA PRESIDENCIA

A presidencia terá as seguintes atribucións:

1. Representar legalmente á asociación ante toda clase de entes públicos ou privados.
2. Representar, defender e executar accións legais en defensa dos lexítimos intereses e obxectivos da asociación.
3. Exercer os labores de coordinación das persoas socias ou colaboradoras e das actividades da asociación.
4. Convocar, presidir e levantar as sesións que celebre a asemblea xeral ou a xunta directiva, así como dirixir as deliberacións dunha e doutra.
5. Autorizar co seu visto e praxe as actas das sesións, tanto da xunta directiva como da asemblea xeral.
6. Ordenar pagos e autorizar coa súa sinatura os documentos, actas e correspondencia da asociación.
7. Adoptar calquera medida urxente ou extraordinaria, aínda que estean fora das súas competencias, que a boa marcha da asociación aconselle ou no desenvolvemento das súas actividades resulte necesaria ou conveniente, sen prexuízo de dar conta



posteriormente a través da canle oficial e sometendo a ratificación de calquera medida que se tomase ao órgano competente.

8. Coordinar a oficina técnica xunto coa tesourería e a secretaría, e coidar polo benestar do persoal da entidade, así como asegurar que se cumpran todos os dereitos e obrigas das mesmas segundo o Estatuto dos Traballadores, o convenio colectivo ao que se adscribe a oficina, os acordos que esta teña coa entidade e o regulamento de réxime interno.

Artigo 14. A VICEPRESIDENCIA

1. A vicepresidencia, no seu defecto a secretaría, logo a tesouraría e finalmente calquera outra persoa membro da xunta directiva baixo a aprobación da xunta restante, substituirá á presidencia na ausencia desta, motivada por enfermidade ou calquera outra causa xustificada, e terá as mesmas atribucións sempre baixo o control e a aprobación da xunta directiva.
2. A vicepresidencia colaborará directamente coa presidencia en todas as funcións atribuídas a esta, respondendo das que dunha maneira directa e específica lle encomende.

Artigo 15. A SECRETARÍA

A secretaría terá ao seu cargo a dirección dos traballos puramente administrativos da asociación:

- a) Expedirá as certificacións e calquera outro documento requirido por calquera persoa física ou xurídica.
- b) Custodiará e manterá a documentación da asociación que sexa legalmente establecida.
- c) Redactará e lerá as actas de todas as reunións da asociación, sexan estas da asemblea xeral ou da xunta directiva.
- d) Manterá o censo das persoas asociadas.
- e) Cursará as comunicacións sobre modificación de persoas socias, xuntas directivas e demais acordos ante as administracións públicas.
- f) Cumprirá as demais obrigas documentais da asociación nos termos que legalmente correspondan.

Artigo 16. A TESOURARÍA:

1. Recadará os fondos pertencentes á asociación.
2. Custodiará ditos fondos.
3. Xestionará a documentación contable da asociación.
4. Dará cumprimento ás ordes de pago que expida a presidencia.
5. Presentará as contas anuais da asociación e propondrá o orzamento para o exercicio seguinte.



Artigo 17. AS VOGALÍAS

1. As vogalías terán as obrigas propias do seu posto como persoas integrantes da xunta directiva, e así como as que xeradas polas delegacións ou comisións de traballo que se lles encomende.
2. No mes seguinte á toma de posesión da xunta directiva, presentárase o nome oficial, as funcións e as liñas de traballo das vogalías, ou acolleranse ás xa existentes. Estas liñas deberán estar aprobadas pola xunta directiva.

Artigo 18. A VOGALÍA DE MOCIDADE

A única vogalía de carácter obrigatorio será a dedicada aos temas de mocidade e dirixirá a sección xuvenil da asociación.

Artigo 19. VACANTES NAS VOGALÍAS

As vacantes nas vogalías, agás a de mocidade por ser obrigatoria, que se puidesen producir durante o mandato da xunta directiva serán cubertas provisionalmente entre ditas persoas integrantes ata a elección definitiva destas vacantes pola asemblea xeral.

CAPÍTULO III ASEMBLEA XERAL

Artigo 20. A ASEMBLEA XERAL

A asemblea xeral é o órgano supremo de goberno da asociación e estará integrada por todas as persoas asociadas.

Artigo 21. ASEMBLEAS XERAIS ORDINARIAS E EXTRAORDINARIAS

As reunións da asemblea xeral serán ordinarias e extraordinarias. A ordinaria celebrarase unha vez ao ano dentro dos seis meses seguintes ao peche do exercicio; as extraordinarias celebraranse cando as circunstancias o aconsellen, ao xuízo da presidencia, cando a xunta directiva o acorde por maioría absoluta ou cando o propoña por medios fidedignos (é dicir, medios escritos con validez legal) polo menos unha décima parte (redondeando á alza) das persoas asociadas.

Artigo 22. CONVOCATORIA

As convocatorias das asembleas xerais realizaranse por medio fidedigno expresando o lugar, día e hora da reunión así como a orde do día con expresión concreta dos asuntos a tratar. Entre a convocatoria e o día sinalado para a celebración da asemblea en primeira convocatoria haberán de mediar polo menos quince días para a ordinaria e tres días para a extraordinaria, podendo así mesmo facerse constar, se procedese, a data e hora na que se reunirá a asemblea en segunda convocatoria, sen que entre unha e outra poida mediar un prazo inferior á media hora.



Artigo 23. CONSTITUCIÓN

1. As asembleas xerais, tanto ordinarias como extraordinarias, quedarán validamente constituídas en primeira convocatoria cando concorran a ela quince persoas asociadas con dereito a voto, e en segunda convocatoria calquera que sexa o número de persoas asociadas con dereito a voto. Serán válidos os votos das persoas presentes no momento de producirse cada votación.
2. Como regra xeral, os acordos tomaranse por maioría simple.
3. Será necesario maioría cualificada das persoas presentes para:
 - a) Ratificación da composición da xunta directiva no momento da súa elección.
 - b) Acordo para constituír unha federación de asociacións, integrarse nunha ou separarse dunha.
 - c) Modificación dos Estatutos ou do regulamento de réxime interno.
 - d) Disolución da entidade.

Artigo 24. FACULTADES DA ASEMBLEA XERAL ORDINARIA

Son facultades da asemblea xeral ordinaria:

- a) Nomeamento das persoas integrantes da xunta directiva.
- b) Aprobar a xestión da xunta directiva.
- c) Examinar e aprobar as contas anuais.
- d) Examinar e aprobar o orzamento do ano en curso.

Artigo 25. FACULTADES DA ASEMBLEA XERAL EXTRAORDINARIA

Corresponde á asemblea xeral extraordinaria:

- a) Modificación dos Estatutos ou do regulamento de réxime interno.
- b) Disolución da asociación.
- c) Nomeamento de emerxencia dos cargos e vogalías da xunta directiva.
- d) Resolver sobre a admisión de novas persoas asociadas.
- e) Expulsión de persoas asociadas.
- f) Cese motivado polo incumprimento das súas obrigas das persoas integrantes da xunta directiva.
- g) Constitución, integración ou baixa de federacións.
- h) Nomear persoas socias de honra.
- i) Fixar, no seu caso, as cotas ordinarias ou extraordinarias.
- j) Calquera outro tema que non sexa da competencia exclusiva da asemblea xeral ordinaria.



CAPITULO IV REUNIÓN ORDINARIAS

Artigo 26. AS REUNIÓN ORDINARIAS

1. As reunión ordinarias serán unha das principais vías de participación na vida asociativa á que poderán acudir todas as persoas asociadas, segundo o artigo 31 destes Estatutos. Tamén poderá estar presente o voluntariado, o persoal da oficina técnica, así como outras persoas convidadas previo aviso e aprobación da xunta directiva. Nestas reunións todas as persoas participantes terán voz, pero só as persoas socias de número terán voto.
2. Estas reunións terán unha periodicidade mínima mensual en única convocatoria. A periodicidade estará supeditada á decisión tomada pola maioría simple das persoas asociadas.
3. Estas reunións terán as seguintes finalidades:
 - a) Ter conta do traballo realizado pola asociación.
 - b) Ter conta das propostas e o traballo realizado pola xunta directiva da asociación e os grupos de traballo.
 - c) Propoñer actividades, traballos ou grupos de traballo.
 - d) Propoñer calquera outra cuestión ou actividade da asociación, cumprindo os Estatutos.
 - e) Nomear persoas delegadas para algunha determinada actividade da asociación, así como retirar estas delegacións de ser necesario.
4. Se pola importancia do tema a debate, e ao non existir unanimidade, fora necesario tomar unha decisión, votárase por maioría simple a man alzada. No caso de empate, o voto da presidencia será de calidade.

CAPITULO V GRUPOS DE TRABALLO

Artigo 27. OS GRUPOS DE TRABALLO

Constituiranse grupos de traballo necesarios para levar a cabo as diferentes actividades da asociación. Terán as seguintes características e competencias:

- a) Estes poderán constituírse por un tempo indefinido ou cunha duración determinada para realizar unha actividade concreta.
- b) Poderán formar parte tanto as persoas asociadas como o persoal voluntario.
- c) De forma temporal e extraordinaria poderán participar persoas expertas alleas á entidade que poidan aportar coñecemento ou experiencia no traballo que estea a realizar un grupo concreto. Estas persoas expertas terán voz pero non voto.
- d) A coordinación do grupo recaerá, de ser posible, nunha persoa asociada que non pertenza á xunta directiva. Esta persoa deberá ser ratificada pola mesma.



- e) A persoa coordinadora levantará acta das reunións dos grupos de traballo e presentará dita acta á xunta directiva.
- f) Os acordos dos grupos de traballo que teñan importancia para a asociación deberán ser ratificados pola xunta directiva.

CAPITULO VI DAS PERSOAS SOCIAS

Artigo 28. INGRESO NA ASOCIACIÓN

1. Poderán pertencer á asociación aquelas persoas maiores de idade con capacidade de obrar que teñan interese nos fins da mesma, amais de menores de idade de 16 anos ou máis que presenten a debida autorización documentada de quen supla a súa falta de capacidade legal.
2. A admisión de novas persoas socias será automática, salvo negativa expresa de polo menos 3 persoas socias. Neste caso a admisión será sometida á asemblea xeral extraordinaria.

Artigo 29. AS PERSOAS ASOCIADAS

Ademais das persoas socias de número, que serán as que ingresen na asociación, existen:

- a) Persoas socias de honra:
 - i) Quen polo seu prestixio ou por ter contribuído de modo relevante á dignificación e desenvolvemento da asociación ou aos seus fins, se fagan acreedoras de tal distinción.
 - ii) O nomeamento das persoas socias de honra corresponderá á asemblea xeral extraordinaria.
 - iii) As persoas socias de honra estarán eximidas de todos os dereitos e obrigas das persoas socias de número.

Artigo 30. BAIXA

As persoas socias causarán baixa por algunha das causas seguintes:

- a) Por renuncia voluntaria, comunicada por medios fidedignos á xunta directiva.
- b) Por incumprimento das obrigas económicas, se deixase de satisfacer as cotas dun ano no período establecido pola asemblea xeral extraordinaria convocada a tal efecto.
- c) Por incumprimento dalgunha das obrigas que para coa asociación adquirisen voluntariamente, tras someter dito cese á decisión da asemblea xeral extraordinaria.
- d) Por actuar en contra dos presentes Estatutos, o regulamento de réxime interno ou por violar o espírito de liberdade que a asociación defende, tras someter dito cese á decisión da asemblea xeral extraordinaria.
- e) As persoas que debido a incumprimentos dos apartados c ou d deste mesmo artigo foran expulsadas, perderán para sempre os seus dereitos e obrigas como persoas asociadas.



Artigo 31. DEREITOS DAS PERSOAS ASOCIADAS

As persoas socias de número terán os seguintes dereitos:

- a) Tomar parte en cantas actividades organice a asociación en cumprimento dos seus fins.
- b) Desfrutar dos servizos que a asociación poida ofrecer.
- c) Participar nas asembleas xerais e reunións ordinarias con voz e voto.
- d) Ser electoras e elixibles para os postos da xunta directiva.
- e) Recibir información sobre os acordos adoptados polos órganos da asociación.
- f) Facer suxestións á xunta directiva en orde a un mellor cumprimento dos fins da asociación.

Artigo 32. DEBERES DAS PERSOAS ASOCIADAS

As persoas socias de número terán as seguintes obrigas:

- a) Cumprir os presentes Estatutos así como o regulamento de réxime interno e os acordos válidos das asembleas xerais, reunións ordinarias e da xunta directiva.
- b) Aboar as cotas periódicas e extraordinarias que se fixen.
- c) Desempeñar, no seu caso, as obrigas inherentes ás posicións que poidan ocupar coma persoas membro da xunta directiva ou coordinadoras dun grupo de traballo.

CAPITULO VII DO PERSOAL VOLUNTARIO

Artigo 33. O PERSOAL VOLUNTARIO

Serán persoas voluntarias da asociación:

- a) As persoas físicas que, compartindo os obxectivos da asociación colaboren en calquera dos proxectos, actividades e/ou servizos que a asociación oferta.
- b) Conforme ao previsto polo artigo 6.3 da Lei 10/2011, de 28 de novembro, de Acción Voluntaria da Comunidade Autónoma de Galicia, as persoas menores de idade poderán formar parte do equipo de voluntariado da asociación. Precisarán do consentimento documentado de quen supla a súa falta de capacidade legal.
- c) O voluntariado da asociación ten voz pero non voto nas reunións dos grupos de traballo dos que formen parte, así como nas reunións ordinarias e asembleas xerais.



CAPITULO VIII

RÉXIME ECONÓMICO , CONTABILIDADE E DOCUMENTACIÓN

Artigo 34. DO RÉXIME ECONÓMICO

Os recursos económicos previstos para o desenvolvemento dos fins e actividades da asociación serán os seguintes:

- a) As cotas de persoas socias de número, periódicas ou extraordinarias. A súa periodicidade e importe será decidido pola asemblea xeral extraordinaria.
- b) As subvencións e firmas de convenios con outras entidades públicas e privadas.
- c) Legados ou herdanzas que puidese recibir de forma legal por parte das persoas socias ou de terceiras persoas. Os legados ou herdanzas de carácter inmovible ou que supoñan unha carga de impostos, sempre terán que ser estudadas e aprobadas pola xunta directiva e ratificadas pola asemblea.
- d) Aportacións voluntarias e donativos.
- e) Calquera outro servizo ou recurso lícito.

Artigo 35. PATRIMONIO FUNDACIONAL

No momento da súa constitución, a asociación carece de patrimonio fundacional.

Artigo 36. EXERCICIO ASOCIATIVO E ECONÓMICO

O exercicio asociativo e económico será anual e o seu peche terá lugar o 31 de decembro de cada ano.

Artigo 37. DA CONTABILIDADE

1.A contabilidade rexerese segundo o establecido no disposto no Real Decreto 1491/2011, de 24 de outubro, polo que se aproban as normas de adaptación do Plan Xeral de Contabilidade ás entidades sen fins lucrativos e o modelo de plan de actuación das entidades sen fins lucrativos.

Artigo 38. DA DOCUMENTACIÓN

- 1.Toda a documentación xerada será debidamente catalogada e arquivada.
2. A documentación que incorpore datos persoais será tratada segundo a Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.
3. Todos os datos recollidos no ámbito dos programas desenvoltos pola entidade son de propiedade exclusiva de ALAS A Coruña e só poderán ser compartidos con outras entidades, institucións ou terceiras persoas previa aprobación da xunta directiva e cando exista unha motivación para facelo. En ningún caso se compartirán datos ou documentación que inclúan datos persoais salvo que sexa absolutamente imprescindible e esta necesidade estea debidamente xustificada e documentada.



Artigo.39 O LIBRO DE ACTAS

1. A entidade contará cun libro de actas actualizado e debidamente custodiado pola secretaría.
2. As actas recollerán os acordos acadados nas asembleas, reunións de xunta directiva e reunións ordinarias, así como calquera outro grupo de traballo ou órgano que acade decisións vinculantes para a entidade.
3. As actas son documentación interna e non estará permitido divulgarlas, publicalas ou reproducir a súa totalidade ou parte fóra da entidade, independentemente do medio a través do que se fixer. A súa divulgación, publicación ou reprodución total ou parcial comportará a aplicación de sanción segundo o disposto no regulamento de réxime interno e o disposto nos Estatutos con relación ao incumprimento dos mesmos segundo o artigo 30.d.
4. As actas están a disposición de todas as persoas asociadas para a súa consulta.

Artigo 40 DOS BENS

Será de obriga contar cun inventario actualizado de bens.

- a) Todos os bens inventariados propiedade da entidade poderán ser empregados polas persoas asociadas, traballadoras, voluntarias ou usuarias da entidade só na realización de servizos e actividades propios da entidade.
- b) Calquera outro uso, persoal ou non, estará prohibido.
- c) Será obriga de quen solicite o emprego dun ben ou efecto da entidade coidar do bo uso deste, así como velar polo seu bo estado.
- d) No caso de precisar facer uso dalgún deles, deberá comunicarse á xunta directiva para a súa aprobación. Está exento de facer esta solicitude o persoal técnico da entidade cando empregue bens inventariables para o cumprimento das súas obrigas contractuais.

CAPITULO IX DISOLUCIÓN

Artigo 41. INICIACIÓN DA DISOLUCIÓN

A asociación disolverase voluntariamente cando así o acorde a asemblea xeral extraordinaria, convocada a tal efecto.

Artigo 42. COMISIÓN LIQUIDADORA

No caso de disolución, nomearase unha comisión liquidadora, a cal, unha vez extinguidas as débedas, e se existise sobrante líquido, o destinará a fins que non desvirtúen a natureza non lucrativa da asociación, concretamente a donativos a outras asociacións, federacións ou fundacións sen ánimo de lucro semellantes. Todos os acordos desta comisión deberán ser tomados por unha maioría cualificada.



NOTA ACLARATORIA

DEFINICIÓN DE MAIORÍAS

Mayoría simple: a opción gañadora é aquela que obtén o maior número de votos do total dos emitidos.

Mayoría absoluta: Precisa da metade máis un de todas as persoas que compoñen o órgano que emite a votación.

Mayoría cualificada: Precisa dunha porcentaxe de 3/5 ao seu favor do total de votos emitidos.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

En todo canto non estea previsto nos presentes Estatutos aplicarase a vixente Lei Orgánica 1/2002 de 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación, e as disposicións complementarias.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA

A través do regulamento de réxime interno desenvolveranse estes Estatutos, cando menos no referido ao réxime sancionador, funcionamento da xunta directiva e da oficina técnica. A súa aprobación correspóndelle á asemblea xeral extraordinaria.

DILIXENCIA DE MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS

Os presentes Estatutos son modificación e substitúen aos anteriores. Foron aprobados tal e como consta na acta da Asemblea Xeral Extraordinaria, reunida no día 14 de abril de 2023.

Dilixencia:

Ana G. Fernández, presidenta, e Carlos Manuel Tilve Álvarez, secretario de ALAS A Coruña, fan constar que os presentes Estatutos están redactados coa inclusión das modificacións acordadas en asemblea Xeral celebrada o 14/04/2023, de acordo cos requisitos establecidos na Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, e seguindo o procedemento previsto nos seus Estatutos.

A Coruña, na data da sinatura dixital

Visto e Prace

A secretaría

A presidencia

Asdo.: Carlos Manuel Tilve Álvarez

Asdo.: Ana G. Fernández

